

Festas relixiosas e profanas de Novefontes⁽¹⁾

As festas relixiosas e profanas de Novefontes fanse sempre xuntas no día que lles cadre. Soio as Máscaras son festas de fóra.

O patrón da parroquia é o apóstolo Xacobe o Maior. Pro San Xorxe é o máis festexado. Ten culto aquí os tres domingos seguidos despóis do día do santo, que é o 23 de abril.

San Xorxe é abogoso dos animais. En Novefontes concede favores, e xunta moita carne de porco que lle levan os veciños da parroquia e moite-dume de romeiros de todo o circundado. Esta carne esténdese derriba do valo do adro, cada clase —xamóns, uñas, lacóns, touciños, cacheiras— na súa morica. Pola tarde póxase públicamente e lévaa o que máis dea.

Como San Xorxe foi militar, un dos curas que houbo en Novefontes, don Xosé Soto Fixó, tratou de que non faltara xente deste oficio pola festa do santo. Por eso mercóu roupa de militar, fusiles de madeira e boinas roxas de requetés pra máis de corenta mozos. Este pequeno reximento actuou na parroquia polo San Xorxe anos e anos. E pra que a súa actuación saíra ben, facían antes un mes seguido de instrucción baixo a dirección de instructores experimentados. Entre estes foi famoso o tío Antonio de Calviño.

Os mozos vestíanse de militares namáis o terceiro domingo do santo, que é o día máis solemne. Asistían á misa maior formados e armados e facían nela tódalas ceremonias de costume nun exército nestes casos.

Antes da misa e despóis da procesión facían un desfile prá xente arredor da eirexa. Daba gosto velos e aplaudíaselles moito.

Pro xa hai oito anos que os mozos de Novefontes non se visten de militares pra honrá-lo seu santiño. O desexo de millorar de vida lévaos comé-lo pan dos emigrantes. E tamén influíu o pouco tino que se tivo cando foi aquilo de separá-las festas relixiosas das profanas.

Costume relixioso merecente de recordo, é o que teñen os mozos e rapaces de Novefontes de ir cantá-lo Nadal e os Reises. Aínda os cantan sempre, mais non con tanta tropa de xente coma no antigo. Fano o víspera do Nadal e dos Reices, á xuntiña da noite. Cantan en tódalas casas, menos nas que están de loito ou non queren por outros motivos. Os cartos do aguinaldo gárdanse prós gastos das máscaras.

O que se canta son romances casteláns, variados e refeitos polo pobo e fala galega locais. Coas distintas xeneracións houbo distintos cantares. Pró día do Nadal o máis conocido é o que empeza:

¹ Este traballo é materia refundida do capítulo IV. 4, O HOME NAS FESTIVIDADES RELIXIOSAS E PROFANAS, da parte cuarta, O HOME. VIDA ESPIRITUAL, da miña Tesis de licenciatura VOCABULARIO DE NOVEFONTES, Universidade de Santiago. (Departamento de Filoloxía Románica, 1969).

A noitiña do Nadal,
noite de grande alegría,
caminando vai José
e maila Virgen María.

que remata sin pedí-lo aguinaldo, cunha estrofa leda e saudosa ó mesmo tempo, conforme co espírito do Nadal:

Quédense con Dios, señores,
hasta el año que volvamos.
Si por aquí no volvemos,
que nel cielo nos veamos.

A festa relixiosa dos Reices está máis aberta ó profano có Nadal. Os cantores de hoxe de Novefontes teñen dous romances, a escoller, pra ese día. O máis antigo na parroquia empeza:

Escuchen, señores nuevos,
si la quieren escuchar,
la historia de los Reices,
que la imos a cantar.

E o máis novo nela emprenchia así:

Hoy es vispra de los Reyes,
en prencipio con buen año;
donde hay damas y doncellas
el Rey pide el aguinaldo.

Os dous romances rematan coa petición do aguinaldo. O final do máis antigo é enteiramente galego. O do máis moderno é castelán, pro con notable construción sintáctica nos versos 5 e 7; sin dúbida por motivos fonéticos e métricos. Din así:

A doniña desta casa,
sentadiña no seu tallo,
fiando na súa roca,
veña dá-lo aguinaldo.
Veña logo sin tardar,
que somos rapaces novos
e temos moito que andar.

Angeliños somos,
del cielo venimos,
bolsillo traemos,
dinero pedimos.

Que me lo deáis,
que no lo deáis,
rogamos a Dios
que al cielo vayáis.

As Máscaras son as únicas festas namáis de fóra que hai en Novefontes. Xa se empezan a preparar desde Reices. Póñense os mozos ó frente, e o primeiro que fan é ir falar cos vellos pra que tamén axuden. Despois búscanse os fulanos pra facé-los versos. Tódolos testos da Máscara están en verso. Logo escóllese a xente que ha de ir de Xenerales, Correo, Vellos de a cabalo, Parranda de Gala, "Jarca" dos Vellos, números de cegos, números doutra vellería, o Vello dos Cornos e a Vella, e ún ou dous frades. Por último, tódolos que van actuar fan academia por separado, cada ún onde lle toque.

Os xenerales van vestidos de roupas antigas e apropiadas de moito mérito, que se piden onde sexa se non as hai na parroquia. Van de acabalo de bestas boas e ricamente apareladas. Interveñen na Máscara formando dous bandos, que representan a dúas nacións en loita. Os Xenerales son seis, tres de cada bando.

O Correo, tamén de acabalo, ten por función ir xuntando nos xenerales polas casas, e darlle-la entrada no campo da ruada despois de falar co centinela, que está á entrada do campo.

Os Vellos de a cabalo son o grupo contrario dos xenerales. Van montando burros e bestas ruíns, con roupas que parecen chilabas e eles, unha escolta de mouros. Verdadeiramente non levan pinta de homes, e colgan ó pescozo collares de carozos e cocos. A súa función tamén é representar a xentes contrarias. Por exemplo, un fai de paisano e outro de vetrinario. E tratan o tema de amolarlle este a aquél catro pesos por analizarlle a lingua, o corazón e a alegría ó porco da mata. Algunhas estrofas deste tema din así:

Boas tardes Xan peisano,
tiña ganas de te ver,
que xa hai que me dixeron
que me crías conocer.
Foi verdá que o faléi
á vista desta xente,
que me dixeron que eras
un home moi valente.

.....
Non me trates desa maneira
por un home tan larpeiro,
que aínda hei de ir a túa casa.
i heiche comé-lo porco inteiro.

A Parranda de Gala compónse duns trinta mozos e mozas, todos vestidos de galegos e con moi boas roupas. É o número máis bonito das máscaras. Cantan cantares con testo e música orixinales. Da xenio escoitalos. Acompañanse de gaitas grilleiras e bailan ou móvense en circo collidos polas mans.

A "Jarca" dos Vellos e o contrario da Parranda de Gala. Tamén é grande e compónse duns trinta vellos. Van disfrazados de moitas maneiras. Cantan, tocan instrumentos raros que eles fan e móvense en circo. O que queren é facer rir á xente. Por eso tratan de cantar mal e de desafinar. Canto máis mal o fagan millor cumpren co seu traballo.

Os números de cegos poden ser varios. Van disfrazados e mal vestidos. Cantan historias riseiras e picantes:

Aquí estámo-los ceguiños,
os que polo mundo andamos;
poñan atención, señores,
á historia que lles contamos.

As veces hai na máscara outros números de vellos que non fan de cegos e que cantan historias con temas que fagan rir.

O Vello dos Cornos e a Vella son persoaxes con papel fundamental nas máscaras. Os dous van inteiramente disfrazados. A Vella é de menos importancia có Vello. Este anda coa verdadeira testa e cornos dun boi espetados nun pau. Con esta arma dos demos trata de poñé-la xente ó rego pra que a máscara se desenrole ben. Cando a xente se enremuíña pra vé-las actuacións das máscaras, o Vello arremete contra elas, sin perdoar nenos, mozos nin vellos, sexan homes ou mulleres. Vai cara eles cos cornos grandismos do boi e se non foxen afincalles duro e hastra guinda con eles no chan. Ó velo vir xa arrecúan todos, arrumbándose uns ós outros, con gran allarido, pra poder rispase. Nestes batifondos aproveita o Vello pra levantarlles cos cornos do boi a faldra ás mulleres.

A outra función importante do Vello dos Cornos é contestar todo o contrario do que din algúns números das máscaras, e sobre todo do que di o frade. Non contesta a todo, senón cando ve que ten posibilidade de sacar unha boa ocurrencia. A Vella axúdalle ou lévalle a contra, pra facé-lo testo aínda máis ocurrente. O Vello dos cornos ten que ser un home chistoso, pois é o único persoaxe das máscaras que non leva nada preparado.

Por último funcionan nas máscaras os frades. Hai sempre ún e ás veces dous. Van vestidos de verdadeiros frades, aínda que esfarrapados. Deben ter aspecto de formales e bos padricadores. Botan o sermón desde un púlpito que se fai na cima dun carballo do campo. No mesmo carballo, colgado dunha pola e feito de trapos, está o Entroido. Os frades, na súa padricación, recollen os sucesos e cousas de rir do ano. Pro con quen se meten máis, é coas mozas. Abunda o sermón en simboloxía amorosa e erótica local. Estrofas do sermón que botou Adolfo de Leal no ano 1965 son as seguintes:

Son o frade Padre Roque,
o superior do convento,
que salín eu voluntario
padricar a este untamiento.

.....
Vós debédesvos pintar,
porque está autorizado;

e non bailedes o suelto,
pero sí o agarrado.
Porque bailando o agarrado
espabiláde-la perguiza;
mais así, ó mesmo tempo,
rascades algo a barriga.

.....
Vou empezar co Entroido,
que ten cara de moi pillo.
Este ano está moi flaco,
porque houbo pouco millo.

Facendo un resumen das festas das máscaras, diréi que estas celébranse en Novefontes o domingo de Entroido. Ó acabar de comer vístense tódolos que van actuar. O Correo vai xuntando nos Xenerales polas casas. Os Vellos de a cabalo van vindo eles polos atallos. Xa todos xuntos teñen un auto nun lugar, que non sempre é o mesmo: naquel que teña máis xente actuando. Este auto consiste en darlle as vivas ó lugar casa por casa. Logo van á casa do Cura. Despois ás Sobreiras, que é o centro da parroquia. De aquí lár-ganse ó campo a Parranda de Gala e a "Jarca dos Vellos", pra entretené-la xente e divertila. Despois ven ó campo o Correo, que fala co Centinela e ponse de acordo con él. Nesta conversa intervén o Vello dos Cornos pra facer rir. O Correo volve ás Sobreiras buscá-los Xenerales e máilos Vellos de a cabalo. Ó chegaren ó campo actúan primeiro os Vellos de a cabalo. Logo os Xenerales. A continuación volven a cantar a Parranda de Gala e a "Jarca" dos Vellos, que xa o fixeran antes. Actúan despois os números de cegos e demais vellería. Por último botan o sermón os frades. E remata todo dándolle as vivas á xente que axudou e co empezo do baile coa banda de música.

JESÚS LÓPEZ FERNÁNDEZ